



Expediente número: 1256/2017

**Sesión Extraordinaria Urgente 2/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 23 de febreiro de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1. Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.**
- 2. Declaración Institucional do Concello de Redondela rexeitando toda mostra de violencia contra a muller.**

Na Casa do Concello de Redondela e sendo as vinte horas do 23 de febreiro de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Julio César Mougán Vázquez, María José Barciela Barros, Jesús Crespo López, María del Carmen Amoedo Dasilva, Arturo González Barbeiro, Ángela Antón Pazos, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Mauro Álvarez Castro, Ana Isabel Rey Gómez, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Excusaron a súa ausencia o concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia. A concelleira París Blanco sinala que no día de hoxe, este minuto de silencio vai adicado á memoria da veciña de Chapela, María José Mateo García asesinada o pasado luns no seu domicilio pola súa ex parella.

1. Ratificación, se procede, da urxencia da convocatoria.

Na convocatoria xustificouse a urxencia pola necesidade de adoptar de inmediato unha posición unánime contra a violencia de xénero polos feitos acaecidos esta semana na parroquia de Chapela.

VOTACIÓN E ACORDO:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

2. Declaración Institucional do Concello de Redondela rexeitando toda mostra de violencia contra a muller.

A concelleira delegada da Muller, Teresa París Blanco, procede á lectura da Declaración Institucional consensuada entre todos os grupos da corporación municipal co seguinte contido:

“O Concello de Redondela rexeita toda mostra de violencia contra a muller

Hoxe, neste Pleno do Concello, temos que uni-la nosa voz coma representantes da veciñanza para facer unha condena absoluta e sen fisuras ó acto da pasada noite, 20 de febreiro, que sacudiu a parroquia de Chapela.

Alí perderon a vida dúas persoas: unha a mans da outra, unha muller a mans dun home. Un acto terrible, de enorme virulencia, no que, polo demais, non temos que lamentar máis mortes.

Sucesos coma o ocorrido na Pousadoura en Chapela, han perdurar moitísimo tempo na nosa memoria. Pero con todo ese tempo xamais seremos quen de comprender que algo así poida suceder.

A violencia contra a muller, o machismo, o feminicidio, a expresión da violencia de xénero e contra a familia, non pode ser explicada. Non nos nosos tempos. E nembargantes, con ou sen explicación, segue a ocorrer. Segue a levar vidas. Segue a esnaquizar familias.

Como institución comprometida coa defensa dos valores humanos, comprometida coa defensa da igualdade e coa defensa da integridade de tódalas persoas, énos esixible que hoxe sigamos defendendo ese compromiso de loita para rematar con estas mostras e actos terribles de violencia, hoxe na persoa desta muller, e sempre nas vidas de todos e todas nós.

Con consternación damos unha despedida a esta veciña, María José, na que non podemos máis que levantar unha voz unánime de repulsa pola súa morte, polo seu asasinato. Para que o teñamos sempre presente. Para que a súa perda sexa de todo o noso Concello e fagamos nosas as terribles horas que a súa familia e seres próximos están a pasar.



A nosa posición como Administración non pode quedar só en facer prevención ou só en colaborar nos casos onde esta violencia se manifesta para tratar de evitalos. Tampouco pode quedar en facer trámites e resolver cada un dos supostos que se nos formulan no día a día destas mulleres e as súas familias, do mellor xeito posible. Non.

A nosa posición, coma representantes, esíxenos facer unha profunda reflexión, e valorar cal é o camiño que está levando a esta sociedade nosa, na que aquí tamén, en Redondela, un home rematou coa vida da súa ex-parella, baixo un dos nosos teitos.

En momentos coma estes, difíciles de explicar por definición, cómpre ser extremadamente prudentes coas nosas verbas e manter un respecto manifesto con tódolos familiares coas familias que dun ou doutro xeito se viron involucrados/as nesta traxedia.

Só existe un culpable e ninguén debe confundi-los termos. Só hai un culpable da morte de María José. Como noutras veces vemos que ó final é a muller a que remata perdendo, nuns casos as forzas, noutros a valía e autoestima, e noutras a propia vida. A muller que segue a ser considerada como algo propio, do que poder gardar un recibo ou controla-las súas horas.

Estas condutas temos que ser quen de erradicalas, son vergoñentas, son intolerables para calquera persoa que respecte ós outros/as outras persoas e son, por riba de tódalas consideracións, moi perigosas porque abocan con frecuencia en actos inxustificables, crueis e covardes.

María José, vítima mortal da violencia contra a muller, privada da súa vida cun terrible e estremecedor acto de covardía, é memoria común para tódalas xentes deste concello que aspiran a vivir en xustiza e igualdade.

Tamén será bandeira para aqueles e aquelas que non queremos tolerar esta consideración da muller coma propiedade, que non queremos tolera-los desprezos e que defende que cada persoa ten que ser ceibe para vivi-la súa vida en liberdade.

Amais de facer un sentido recordo dela e de facer chega-la nosa maior solidariedade a tódalas persoas que senten a súa perda, familia e amigos/amizades, o Concello de Redondela quere recoller nesta pequena honra a nosa veciña, María José Mateo, unha declaración de non tolerancia coas condutas violentas ou machistas.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



O Concello de Redondela expresa

- As condolencias e solidariedade a todos os membros das familias afectadas por este lamentable suceso.
- Unha especial mención aos fillos e filla de Maria José, quen quedan sen a súa nai, mais que van contar con todo o apoio dos veciños e veciñas de Redondela.
- Un especial recordo á memoria de María José Mateo, facendo expresión de dor compartida coa súa familia,
- Declarar dous días de loito oficial no termo municipal do Concello de Redondela.”

O Alcalde sinala que nestes dous días de loito se suspenden os actos oficiais organizados polo Concello durante o venres e o sábado e haberá unha manifestación mañá pola tarde dende Catro Pontes a Alameda de Chapela e espera que se sumen non sómentes os grupos políticos senón tamén moitas persoas ao obxecto de sumar esforzos para acabar coa lacra da violencia de xénero.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:15 horas da do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-